

3

O século XIX: a xénese do atraso (1808-1907)

1. Absolutistas e liberais
2. Mantemento foral, desindustrialización e emigración
3. De Sabela a Afonso: caciques versus demócratas
4. Galeguismo político e rexurdimento literario

No século XIX converxen en Galicia un conxunto de procesos que a converten nun país subdesenvolvido respecto da media española e da europea occidental. A destrución durante a Guerra da Independencia das poucas fábricas que había, o peche do comercio con América, o devaldo da industria rural doméstica pola importación de produtos foráneos e o estancamento da agricultura e da gandería polo mantemento do sistema foral e pola carencia de boas comunicacións cos mercados do resto da península combínanse para dar lugar a unha grande atonía económica, ó mantemento da natureza eminentemente rural da sociedade e á conseguinte atrofia do mundo urbano, salvo nos casos da Coruña e Vigo. A única excepción é o nacemento da industria conserveira. Esta industria, que induce o crecemento doutras como a construción de barcos e a fabricación de redes, aparellos e envases, explica o rápido crecemento urbano de Vigo e da súa redonda.

Malia o atraso económico, o crecemento demográfico continúa, o que provoca un notable desequilibrio entre poboación e recursos que desemboca nunha emigración que adquire proporcións masivas nas últimas décadas do século.

Galicia, onde a influencia ideolóxica da Igrexa se mantén moi forte aínda despois de perdido o seu poder económico, é un dos territorios nos que arraiga mellor o clientelismo político dos moderados na época sabelina e dos partidos da quenda na Restauración. Así e todo, aparece un movemento político propio, aínda que moi feble, o galeguismo, do que a maior consecuencia é cultural: o Rexurdimento literario da lingua galega.

Conceptos-clave

- Desindustrialización
- Emigración
- Provincialismo
- Rexionalismo
- Galeguismo

	FERNANDO VII					SABELA II					SEXENIO		RESTAURACIÓN							
ESPAÑA	1809	1812	1820	1823	1833	1834	1840	1846	1868	1868	1873	1874	1874	1892	1902					
	Guerra de Independencia	Constitución de Cádiz	Pronunciamento de Riego	Cen Mil Fillos de San Luís	1ª Guerra carlista	Estaduto Real	Rexencia de Espartero	2ª Guerra carlista	Desterro de Sabela II	Golpe de Estado de Pavia	I República	Golpe de Estado de Pavia	Guerra de Cuba	Mayoría de idade de Afonso XII	Asasinato de Cánovas					
GALICIA	1808	1810	1815	1820	1833	1840	1846	1868	1868	1872	1873	1883	1890	1897	1906					
	Invasión francesa	Xunta Auxiliadora	Pronunciamento de Porlier	Reposición Absolutismo	Convenio de Vergara	Xuntas revolucionarias	Pronunciamento de Solís	Xuntas revolucionarias	Xuntas revolucionarias	Insurrección cantonal en Ferrol	Ferrocarril A Coruña-Madrid	Xunta de Defensa da Coruña	Asociación Regionalista Gallega	Liga Gallega da Coruña	Real Academia Gallega					
	1808	1809	1809	1814	1839	1840	1843	1846	1854	1856	1861	1863	1865	1873	1885	1890	1895	1895	1900	1906
	1808	1809	1809	1814	1839	1840	1843	1846	1854	1856	1861	1863	1865	1873	1885	1890	1895	1895	1900	1906
	1808	1809	1809	1814	1839	1840	1843	1846	1854	1856	1861	1863	1865	1873	1885	1890	1895	1895	1900	1906

*A ofrenda a San Ramón, talla policromada
(Museo provincial, Lugo).*



Cuestións para resolver

- ¿Como afectou a desamortización de Mendizábal en Galicia?
- ¿Por que as actividades industriais non se desenvolven en Galicia durante o século XIX?
- ¿Cales foron as causas da grande emigración nas últimas décadas do século XIX en Galicia?
- ¿Cales son as causas da aparición do galeguismo? ¿E as súas consecuencias?

Mercado de fiadeiras. Gravado da época.



No ano 1808, ante a invasión francesa e o exilio e abdicación forzada da familia real, prodúcese decontado nas cidades e vilas de Galicia un **levantamento antifrancés** paralelo ó do resto dos territorios. Na Coruña fórmase a **Junta Suprema del Reino**, que asume todos os poderes mentres non exista un poder central español [Doc. 1].

1.1. Guerra e escisión política da sociedade

O 3 de xaneiro de 1809 as tropas napoleónicas penetran en Galicia sen problemas, pois o pequeno corpo expedicionario británico bátese en retirada e reembarca na Coruña rumbo a Inglaterra. En menos de un mes os franceses ocupan Galicia e intentan montar unha nova Administración, para o que contan coa colaboración de burgueses, funcionarios ilustrados e catedráticos da Universidade como González Varela. Igual ca no resto de España, estes **afrancesados** pensaban que o réxime imposto polo invasor era a única vía para introducir no país as reformas necesarias para o modernizar.

Pero a maioría dos galegos non compartían esta actitude. Proliferan as **guerrillas populares**, case todas **encabezadas por cregos e fidalgos** [Doc. 2]. O movemento insurreccional acadada tanta forza que obriga ós franceses a se atrincheiraren nas cidades. Pero estas tamén van sendo reconquistadas nos meses seguintes. A toma de Vigo ficará na memoria do pobo, xunto coa batalla de Ponte Sampaio, como a gran xesta que resume a vitoriosa resistencia dos galegos. Finalmente, coa axuda de tropas británicas, os franceses son definitivamente expulsados de Galicia en xuño de 1809.

A **guerra popular contra o francés**, malia o facer a maioría en nome da defensa da relixión e do rei absoluto, é unha experiencia nova de liberdade, de organización do poder dende abaixo, do agromar dunha prensa que difunde ideas contrapostas sen censura. Nesa situación nace tamén en Galicia o **liberalismo**, partidario de combinar a loita pola expulsión do invasor cunha mudanza radical do sistema político e da sociedade. A lóxica reacción dos defensores e beneficiarios do sistema tradicional, os absolutistas, leva a un enfrontamento sociopolítico que durará décadas.

Os absolutistas tiñan a súa base social na nobreza, na fidalguía e, sobre todo, na Igrexa. Dirixían e redactaban periódicos como *La Estafeta de Santiago*.

As ideas liberais arraigaban mellor entre burgueses, funcionarios, profesionais e parte da oficialidade. O seu centro maior era A Coruña, aínda que tamén había círculos liberais minoritarios en Santiago, Vigo e outras cidades. Avogaban pola necesidade de acabar co absolutismo para instaurar un réxime de liberdades que estivese baseado na primacía da soberanía nacional.

Esta división política, e a forza relativa das diferentes posturas na sociedade galega, manifestouse nos 24 deputados que representaron a Galicia nas Cortes reunidas en Cádiz en 1810: doce eran absolutistas, once reformistas moderados e só un se amosou claramente partidario da revolución liberal. Aprobada a Constitución de 1812, convocáronse eleccións para as Cortes ordinarias. Estes comicios, deixaron aínda máis claro en Galicia quen eran os que controlaban

Moradores de Santiago e da súa Provincia: velaquí tedes cales son os clamores da Patria, e o único e verdadeiro ben que desexa, e esixe de nós, reducido a dous principais puntos que son: unión e subordinación a unha cabeza soa, cal é a Suprema Xunta do reino, composta segundo privilexios e estatutos, dos sete Deputados, que representan as sete Provincias que o compoñen, e polo mesmo a que reasume en si toda a autoridade suprema, e a que goberna e debe gobernar como Soberana en ausencia do noso amabilísimo Fernando VII (...). A unión, e a subordinación a esta Suprema Cabeza, serán a medida do Supremo Patriota: quen non se suxeite a ela (...) é un detractor, un infiel, un revoltoso, e en suma un verdadeiro axente do Emperador francés (...)

Diario de Santiago (24 de agosto de 1808).
[Traducido do castelán]

● ¿Hai nesta proclama algún principio político liberal?



2 **Bernardo González del Valle, Cachamuña, xefe guerrilleiro na provincia de Ourense, e máis tarde gobernador militar de Vigo.**

O cabido de Santiago preséntase por medio dos seus deputados a renovar a V. M. a homenaxe da súa fidelidade e obediencia, con tanta máis confianza, canto foi maior o seu celo por conservar a independencia da patria e os dereitos do seu amado monarca (...). Esta inalterable constancia atraeu o odio dos facciosos das Cortes Extraordinarias, que trataron ó cabido con inhumanidade que debía esperar duns vasallos rebeldes, que non contentos con despoxalo dos seus privilexios e das súas propiedades, priváronlle á apostólica igrexa do seu prelado. Estes males encheron de aflicción ó cabido e a toda Galicia, pero toda a súa amargura a fixo doce a nova da feliz chegada da V.M. ós seus dominios. Finalmente viuse, Señor, arrebatado do maior gozo desde que preveu que a V.M. se achegaba a sentar no trono dos seus proxenitores recuperando a plenitude do poder que Deus e as leis da Nación lle concederon a Vosa Mercé.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R.:
Historia da Galicia contemporánea, 1982.
[Traducido do castelán]

● ¿Que ideoloxía política inspira este texto?

realmente as cousas: dos 16 deputados elixidos, nada menos ca 14 eran absolutistas, e deles dez eran cregos.

1.2. O reinado de Fernando VII

A volta de Fernando VII trae consigo a abolición da Constitución e a restauración do Antigo Réxime, algo que é acollido con ledicia polos absolutistas galegos [Doc. 3]. Moitos liberais son enviados a prisión ou foxen ó exilio. Así e todo, o liberalismo non estaba totalmente erradicado. Na Coruña ten lugar un dos primeiros pronunciamentos liberais de España iniciado polo xeneral Xoán Díaz Porlier o 19 de setembro de 1815 [Doc. 4].

A falta de apoios militares e civís suficientes fóra da Coruña fixo fracasar este levantamento, e Porlier foi executado o 3 de outubro na propia cidade da Coruña.

En 1820 A Coruña é tamén unha das primeiras en secundar a insurrección, esta vez vitoriosa, de **Rafael del Riego** na provincia de Cádiz, que restaura o réxime constitucional. Os liberais prohiben durante o trienio a prensa e as asociacións dos absolutistas. Estes responden organizando guerrillas rurais, as partidas realistas, dirixidas politicamente pola Junta Apostólica, formada en exclusiva por cregos e fidalgos. Aínda que militarmente non tiveron moito éxito, conseguiron manter aceso o lume do absolutismo.

En 1823, a segunda restauración do Antigo Réxime grazas á intervención militar do exército francés enviado pola **Santa Alianza** abriu unha década de represión. Unha policía organizada e a acción da nova milicia fernandina, os voluntarios realistas, mantiveron o país en calma e ós liberais fóra de xogo. Nestes anos, Galicia foi un sólido bastión do absolutismo tanto no plano ideolóxico coma no político-militar.



4

Xoán Díaz Porlier, xefe do pronunciamento liberal de 1815.

1.3. O final do Antigo Réxime

A morte de Fernando VII en 1833 abre o conflictivo tránsito do absolutismo ó réxime liberal en toda España. A tensión entre os **partidarios do infante Carlos María Isidro** e os defensores dos dereitos sucesorios da nena Sabela repercute en Galicia dende o primeiro momento.

O Goberno procura axiña depurar o exército de absolutistas radicais. Por iso substitúe na Capitanía Xeral a Eguía por Pablo Morillo, un liberal moderado que procura controlar a cregos e carlistas, presiona ós bispos para que apoiem publicamente a Sabela, desmantela ós voluntarios realistas e obriga a todas as institucións a lle presentar acatamento ó Estatuto Real, promulgado en 1834.

Estes avances liberais teñen como resposta outravolta a insurrección armada dos apostólicos, agora chamados carlistas [Doc. 5]. En Galicia, as guerrillas antiliberais conseguen unha forte presenza pero, malia á participación decidida da Igrexa, nunca chegan a poñer en serio perigo o dominio político-institucional dos liberais. Nin a fidalguía nin o campesiñado se apuntan masivamente ó carlismo. Isto ten a súa explicación. A desamortización dos bens eclesiásticos posta en marcha por Mendizábal aplicouse en Galicia e de xeito que a única prexudicada foi a Igrexa. **Fidalgos e labregos viron respectados o seus dereitos forais**, polo que non tiñan interese económico en se enfrontaren a un liberalismo que de feito os beneficiaba.

Entre tanto, o mapa provincial deseñado por Javier de Burgos en 1833 destruíra a antiga unidade institucional de Galicia dentro do Estado dividíndoa nas **catro provincias** actuais. E como castigo pola postura pro-carlista da Igrexa, Santiago perdeu toda capitalidade en favor da Coruña e iniciou un estancamento que a levaría a ceder o seu posto de primeira cidade galega.

5

O cabido de Santiago preséntase por medio dos seus deputados a renovar a V. M. a homenaxe da súa fidelidade e obediencia, con tanta máis confianza, canto foi maior o seu celo por conservar a independencia da patria e os dereitos do seu amado monarca (...). Esta inalterable constancia atraeuille o odio dos facciosos das Cortes Extraordinarias, que trataron ó cabido con inhumanidade que debía esperar duns vasallos rebeldes, que non contentos con o despozar dos seus privilexios e das súas propiedades, priváronlle á apostólica igrexa do seu prelado. Estes males encheron de aflicción ó cabido e a toda Galicia, pero toda a súa amargura fíxoa doce a nova da feliz chegada de V.M. ós seus dominios. Finalmente se viu, Señor, arrebatado do maior gozo desde que preveu que V.M. se achegaba a sentar no trono dos seus proxenitores recuperando a plenitude do poder que Deus e as leis da Nación lle concederon á Vosa Mercé.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R.:
Historia da Galicia contemporánea, 1982.
[Traducido do castelán]

• ¿Que ideoloxía política inspira este texto?

Dende o punto de vista socioeconómico, o século XIX é para Galicia a época na que se consolida a súa natureza de país subdesenvolvido en relación coas rexións máis dinámicas de Europa e de España. Varios son os factores que contribúen a xerar esta situación negativa da que a superación non se iniciará, e moi lentamente, ata o primeiro terzo do século XX.

2.1. A pervivencia do sistema foral

A **desamortización** das propiedades da Igrexa, impulsada por **Mendizábal** en 1836, tivo en Galicia unhas peculiaridades decisivas para o seu futuro. Mentres noutras partes implicou a poxa pública sen condicións das terras e edificios expropiados, en Galicia, para evitar unha conmoción social, a venda das terras fíxose coa condición de **respectar o dominio útil**. Deste modo, na práctica, o único que realmente adquirían os compradores era o **dereito a cobrar a renda foral** que antes percibían as institucións eclesiásticas. En cambio, os aforados, fosen **fidalgos ou campesiños, seguían igual** ca antes, sen máis que pagarlle o foro ó novo titular das terras. Unha situación que favorecía todas as inercias e inhibía a necesaria transformación da agricultura.

A posterior **desamortización civil de Madoz**, iniciada en 1855, **afectou ás terras vinculadas ás institucións civís**, sobre todo ós concellos. Malia ás grandes extensións de propiedade de concellos e parroquias que había en Galicia, tivo aquí menos repercusións. A importancia dos montes veciñais para o mantemento do sistema agrario tradicional axuntou a acción de campesiños e rendistas no labor de minimizar as privatizacións das terras comunais.

Os **compradores** de bens desamortizados foron maioritariamente **burgueses, profesionais urbanos e comerciantes**, todos alleos ó mundo agrario, que ademais puideron facer un excelente negocio na primeira desamortización pagando cos desprezados títulos da Débeda Pública. Os fidalgos, vendo a súa situación consolidada, non tiñan moito interese en acudir ás poxas, máxime cando non adoitaban andar sobrados de diñeiro. E poucos eran os campesiños con cartos dabondo para redimir a renda que gravaba as súas fincas.

Deste xeito, os fundamentos da estrutura socioeconómica da Galicia rural ficaron sen máis cambio có devalo do poder da Igrexa. A clase rendista, na que agora convivían vellos e novos "fidalgos", pasou a ocupar en solitario o cumio da pirámide social. En cambio, a desamortización si tivo consecuencias para o mundo urbano, pois o desvío de capitais de comerciantes e industriais á compra de rendas minguou aínda máis as xa pequenas posibilidades de promover unha industria moderna en Galicia.

Para moitos estaba claro dende o principio que esta pervivencia anómala do **sistema foral** era un dos maiores **bloqueos ó desenvolvemento económico do país** [Doc. 6].

De feito, agricultura e gandería amosaban claros sinais de estancamento e os remedios técnico-productivos que moitos predicaban, pero poucos aplicaban, melloraban pouco a situación [Doc. 7].

Por iso os minoritarios sectores progresistas teimaban na necesidade de ir ó fondo da cuestión, á creación dunha verdadeira propiedade privada da terra, eliminando a duplicidade de dominios, o que segundo eles incentivaría a innovación e a produción. Esta **reforma** podía facerse por dúas vías. A primeira, a reversión, privaría ó campesiño do dominio útil convertendo ó rendista en propietario pleño, pero isto xeraría unha situación social moi perigosa ó crear unha enorme masa de campesiños sen terra, polo que apenas tiña partidarios. Na segunda vía, a redención, o rendista recibiría unha indemnización a cargo do Estado ou do campesiño, e este ficaría dono absoluto das súas fincas, o que incentivaría a produción e a modernización agraria e toda a economía.

Para discutir á reforma tivo lugar o **Congreso Agrícola Gallego** en 1864, onde se puxo de manifesto a invencible forza dos rendistas, pois os redencionistas saíron derrotados e todo continuou coma sempre.

2.2. Desindustrialización e atraso

O XIX foi o século da industrialización en Europa. En cambio, en Galicia foi o da desindustrialización. A maioría das poucas fábricas que había antes da guerra foron destruídas por franceses ou ingleses durante a contenda e non volveron funcionar. A de Sargadelos, reconvertida á produción de louza fina, foi unha das poucas que sobreviviu e aínda así acabou pechando moito antes de rematar o século [Doc. 8].

Outra excepción, esta debida ás necesidades bélicas do Estado, eran os estaleiros ferroláns. Pero, en xeral, o pequeno tamaño das cidades, a escasa capacidade adquisitiva dos traballadores urbanos e o autoabastecemento case total dos campesiños reducían o mercado a un tamaño mínimo, o que desanimaba ós posibles investidores que preferían colocar os seus capitais nas rendas agrarias ou no comercio de importación que atendía o consumo das clases medias e altas. Pero mesmo este comercio era de pouca entidade, logo de pechada a vía do gran tráfico atlántico con América.

Por outra banda, a competencia dos produtos da industria moderna doutras rexións atrofiou tamén a industria rural. Os lenzos de liño e a produción das ferrarías foron desprazados polos tecidos cataláns de algodón ou a ferrallería de vascos e asturianos. Isto cegou a fonte de ingresos complementarios do campesiño, agravando a precariedade económica desta maioría social.


Esta atonía produtiva e comercial explica en parte a escandalosa demora na introdución do ferrocarril, o gran mito decimonónico do progreso [Doc. 9].

6 Aliviada ós poucos a propiedade territorial das enormes cargas que a abafan con tan exorbitantes pensións e gravames a que está suxeita, melloraría a condición do labrador; isto é, que o labrador sería máis rico no sucesivo. Mentres tanto o antigo forista, ou investiría o capital reintegrado en arranxar e reducir ó labor novas terras para satisfacer as maiores demandas de subsistencia, consecuencia natural dun aumento necesario da poboación, ou cedería un lugar no seu ánimo ó espírito fabril para gañar en industria moito máis ca puidese perder en rendas territoriais. E como (...) só compra aquel que ten que vender, colíxese doadamente que mellorada a sorte do labrador, se aseguraban ó mesmo tempo as saídas ou o despacho dos produtos fabrís. (...)

Así iríamos sentando as bases dunha íntima alianza entre as fortunas industriais e comerciais e a aristocracia territorial, e vencendo esa funesta forza de inercia que caracteriza á case totalidade dos nosos grandes propietarios.


COLMEIRO, M.: *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial en Galicia, 1843.*
[Traducido do castelán]

● Valora as posibilidades do modelo de desenvolvemento aquí proposto nas condicións reais da época en Galicia e en España.



8 A fábrica de Sargadelos en 1851, segundo un gravado da época.

A REDE FERROVIARIA ESPAÑOLA EN 1865 E 1885



7 Necesario é recoñecer que o actual estado é insostible e que camiñamos moi axiña a unha completa decadencia que ha de dar por resultado que queden incultos a meirande parte dos terreos, grave mal do que se notan xa os primeiros síntomas. Desde comezos de século a agricultura non se perfeccionou, pero estenderíase considerablemente antes de se xeneralizar a emigración que observamos nos últimos quince anos. O sobranse da poboación dedicárase nos anteriores a arar terreos incultos, e isto explica o aumento da produción de trigo (...). Indubidable é tamén que desde finais do século pasado diminuíu a gandería en moitos puntos, polas novas formas de arar (...). Para conxurar esta decadencia dos campos, coidamos que os medios de os facer máis produtivos son mellorar os seus métodos de cultivo e aproveitamento, reconcentrar o de grans, estender a cría de gando, aferrar brazos por medio dos procedementos e máquinas adaptables ó mediano e pequeno cultivo, e xeneralizar a instrución agrícola co exemplo.

CONDE DE PALLARES E PARDO BAZÁN, J.: *Memoria sobre la necesidad de establecer escuelas de agricultura en Galicia, 1862.*
[Traducido do castelán]

● Valora a viabilidade destas propostas tendo en conta as causas do atraso agrícola.

● Compara os ritmos de construción nas diferentes rexións e explica as causas das diferenzas.

Fonte: VICENS VIVES, J.: *Historia de España y de América, 1971.*

A previsible escaseza de pasaxeiros e de mercadorías desalentaba o investimento ferroviario. E a **inexistencia de ferrocarrís** bloqueaba a exportación dos produtos galegos, especialmente do gando. Un círculo vicioso que non comezaría a romper ata os últimos lustros do século. De feito, o primeiro tramo ferroviario foi interior e froito da iniciativa da feble burguesía compostelá: o tren Santiago-Carril, de só 41 km, inaugurado en 1873. Houbo que agardar ó ano 1885 para que a rede ferroviaria enlazase Galicia co resto de España pola liña do norte (Astorga-Monforte, con ramais a Vigo e A Coruña). O enlace do sur, por Zamora-Puebla de Sanabria, terá que agardar ó ano 1957.

Neste panorama desolador só había unha excepción positiva: a **industria da salgadura** iniciada polos cataláns no século anterior. Esta actividade, que seguía concentrada nas Rías Baixas, desenvolveuse moito e, ademais, a finais de século introduciu as **novas técnicas da conserva**. O rápido desenvolvemento da industria conserveira tivo un efecto de arrastre sobre outras actividades como a **construción de barcos de pesca**, de aparellos, de envases metálicos, etc. Xurdiu así o único complexo industrial autóctono de Galicia, do que a mostra máis visible foi a notable expansión urbana de Vigo, cabeceira dese proceso.

2.3. A emigración

Pero en xeral, Galicia vivía un estancamento económico que agravou aínda máis o **desequilibrio entre poboación e recursos**, posto que durante o século XIX o país tamén se beneficiou dos avances xerais que impulsaron a demo-

grafía europea en hixiene, medicina, abastecementos extraordinarios en caso de malas colleitas, etc. E se ben aínda houbo episodios, propios da época anterior, como as epidemias de cólera ou a fame de 1853, o certo é que en 1860 había uns 450.000 habitantes máis que en 1787 e en 1860-1900 sumáronse outros 180.000 habitantes. Pero este cremento era menor que no conxunto de España. E así, a poboación galega pasou de representar o 13,5% da española en 1787, a ser soamente o 11,4% en 1860 e o 10,6% en 1900.

Como podemos ver, a ralentización demográfica resulta especialmente acusada na segunda metade do século, malia que a vitalidade reprodutiva dos galegos seguía sendo alta. Este fenómeno débese a que a **emigración vai adquirindo dimensións masivas**. Ata mediados de século as correntes migratorias cambian pouco respecto do século XVIII: pequenos continxentes de emigración definitiva a outras zonas de España e América, e a tradicional emigración temporeira á sega en Castela, que inspirou os indignados versos de Rosalía **[Doc. 10]**.

Pero despois o desenvolvemento económico de Cuba, a política populacionista de países como Arxentina e a aparición dos grandes barcos de vapor capaces de levar moitos pasaxeiros a un custo razoable abriron as comportas da gran riada humana, sobre todo a partir de 1880 **[Doc. 11]**. Estímase en 370.000 o saldo migratorio neto de Galicia entre 1860 e 1900. O que significa que emigrou nada menos que un de cada cinco habitantes. Todo un síntoma da gravidade da situación socioeconómica do país.

¡Castellanos de Castilla,
tratade ben ós galegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros!

....
Foi a Castilla por pan
e saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida,
peniñas por alimento.

....
Van probes e tornan probes,
van sans e tornan enfermos,
que anque eles son como rosas,
tratádelos como negros.

....
¡Castellanos, castellanos,
tendes corazón de ferrol

Que Castilla e castellanos,
todos nun montón a eito,
non valen o que unha herbiña
destes nosos campos frescos.

....
Nin arbres que che den sombra,
nin sombra que preste alento...
Llanura e sempre llanura
deserto e sempre deserto...


....
Esto che tocou coitada,
por herencia no universo;
¡miserable fanfarrona...!
triste herencia foi por certo.

....
En verdad non hai, Castilla,
nada como ti tan feio,
que aínda mellor que Castilla,
valera decir inferno.

ROSALÍA DE CASTRO: *Álbum de la Caridad*, 1862.

Gravado publicado en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 1980.

● Enumera as causas do rápido aumento da emigración transoceánica galega dende finais do século XIX.



3 De Sabela a Afonso: caciques versus demócratas

Galicia amosa no século XIX poucas peculiaridades respecto do que vai acontecendo en España, fóra da especial fortaleza que acadan nela as **opcións conservadoras** e dentro do progresismo, dunha tendencia, o **provincialismo**, que comezou a valorar a lingua e a historia do país, e a reclamar unha descentralización política do Estado.

3.1. Moderados e progresistas

A división dos liberais, en Galicia e en España, entre un sector radical e outro moderado comezara xa no trienio 1820-1823 e fíxose máis clara logo da morte de Fernando VII. Rematada a guerra carlista, o ascenso do xeneral **progresista Espartero** á rexencia en 1840, desprazando dese lugar á raíña nai María Cristina, provoca, por mor dos modos de gobernar do rexente, a escisión do progresismo en dous bandos, esparteristas e antiesparteristas. En Galicia, os primeiros son máis fortes en Vigo, A Coruña, Ferrol e Ourense; e os segundos concéntranse en Santiago.

Os moderados manobran habilmente e conseguen radicalizar o enfrontamento entre as fraccións progresistas. Isto debilita o progresismo galego ata o punto de que os **moderados** empezan a prevalecer na política galega dende 1843, antes ca no resto de España. Ese ano, os moderados e progresistas uníronse contra Espartero nun movemento de xuntas revolucionarias que permitiu expulsalo da rexencia e

declarar a **maioría de idade de Sabela**, cando só tiña trece anos. Malia á resistencia dalgunhas xuntas a se disolver, os moderados, aproveitando a división progresista e o desprestixio provocado polas actuacións de Espartero, subiron ó poder en 1844, encabezados polo xeneral Narváez. Un ano despois proclamouse a Constitución de 1845. O 2 de abril de 1846, o comandante **Miguel Solís** rebélase en Lugo contra o goberno de Narváez con dous batallóns.

A acción ten éxito e os elementos civís do progresismo local forman decontado unha **Xunta de Goberno**. O movemento é imitado dous días despois en Santiago. Non obstante, a maioría do pobo compostelán e mesmo boa parte da súa burguesía acollen con indiferenza este pronunciamento. Non así a xerarquía eclesiástica, que acusou ós alzados de querer implantar unha "República e Convención como francesa". Nos días seguintes únense ó levantamento outras vilas (Muros, Noia, Pobra do Caramiñal, Ortigueira...) e as cidades de Pontevedra e Vigo. As motivacións son derrocar a Narváez e que haxa menos impostos.

A extensión do movemento facía necesario un órgano de goberno de ámbito galego. Con tal fin constitúese en Santiago, o día 15, unha **Junta Superior Provisional de Gobierno de Galicia** [Doc. 12]. O Goberno vese obrigado a reaccionar militarmente. As tropas gobernamentais van reducindo o levantamento [Doc. 13].

12 O pobo conquistará nesta revolución o que lle arrebataron os cómicos dos pronunciamentos: PAN e DEREITOS. Galicia, arrastrando ata aquí unha existencia oprobiosa, convertida nunha verdadeira colonia da Corte, vaíse erguer do seu aldraxamento e abatemento. Esta Xunta, amiga sincera do país, consagrarase constantemente a engrandecer o antigo reino de Galicia, dando proveitosa dirección ós numerosos elementos que atesoura no seu seo, erguendo os alicerces dun porvir de gloria. Para o conseguir esforzase sen descanso en fomentar intereses materiais, crear costumes públicos, abrir as fontes naturais da súa riqueza, a agricultura e o comercio, e poñer en harmonía coa época os hábitos e as ideas que deixou unha sociedade decrépita fundada sobre a ignorancia. Espertando o poderoso sentimento do provincialismo, e encamiñando a un só obxecto todos os talentos e todos os esforzos, chegará a conquistar Galicia toda a influencia de que é merecente, colocándose no alto lugar ó que está chamado o antigo reino dos Suevos. Que a espada de Galicia faga inclinar unha soa vez a balanza en que pesan os destinos de España.

Junta Superior Provisional de Gobierno de Galicia.
La Revolución (15 de abril de 1846).
[Traducido do castelán]

● ¿A que se debe a combinación de ideas progresistas e provincialistas do texto?



Monumento erixido polos rexionalistas galegos para honrar a memoria de Miguel Solís e demais oficiais fusilados en Carral en 1846.

A partir de aquí o predominio político dos moderados vai en aumento. Para o consolidar procuran atraer á Igrexa e á maior parte dos rendistas, ós que integran no sistema político tanto a escala local como rexional. E inician o teci-do dunha rede de clientes políticos (o famoso **caciquismo**) que garanta a vitoria electoral mediante a manipulación do sufraxio censitario [Doc. 14].

Con todo, o progresismo pervive na oposición e mani-féstase sobre todo a través dunha prensa propia relativa-mente numerosa. Como en toda España, os seus elementos máis radicais evolucionan nas décadas de 1850 e 1860 e forman o **Partido Demócrata**, partidario do sufraxio uni-versal e da República. E sempre que a situación política en Madrid lle resulta máis favorable ergue de novo a cabeza, como no bienio 1854-1856, con algún acto sonado, aínda que politicamente pouco efectivo.

Tal é o chamado Banquete de Conxo, reunión de arte-sáns e de estudantes composteláns na que os poetas Aurelio Aguirre e Eduardo Pondal pronunciaron cadanseu brinde de contidos daquela subversivos, que provocaron unha du-ra reacción, especialmente por parte das autoridades ecle-siásticas [Doc. 15]. Pero, brindes democráticos á parte, Galicia tivo que agardar a que o impulso do cambio político chega-se de fóra.

3.2. O Sexenio democrático

E chegou en setembro de 1868 coa revolución que **derrocou a Sabela II** e estableceu, mediante a Constitución de 1869, un sistema político máis próximo á democracia plena. En Galicia, progresistas e demócratas secundan a re-volución e fanse co poder [Doc. 16]. Como reacción, o carlis-mo galego reavívase algo, pero sen chegar a constituír un factor decisivo na dinámica política do país.

O fenómeno máis rechamante é a eclosión do **republi-canismo**, sobre todo do seu sector federalista. Aínda que fragmentado en varias tendencias e carente de organiza-cións disciplinadas e eficaces, o federalismo galego obtivo moi bos resultados electorais xa no período de Amadeo I e levou a cabo activas campañas de axitación no mundo rural para atraer os campesiños, predicando a resistencia contra os impostos e o recrutamento militar, e avogando pola abo-lición dos foros. Mesmo protagonizou en outubro de 1872 unha insurrección en Ferrol para acelerar a chegada da Re-pública [Doc. 17].

Logo de proclamada a Primeira República o 11 de fe-breiro de 1873, o **federalismo** pasa a controlar as institu-cións galegas e **gaña as eleccións** dese ano. Os deputados federais galegos na Asemblea Constituínte centran a súa ac-tuación en tres cuestións: a **propiedade da terra**, o **problema do ferrocarril** e a **constitución dun Estado galego dentro da Federación española**.

Respecto da primeira, Xoán M^a Paz Novoa promove a aprobación dunha *Lei de Redención Foral* e Eduardo Chao presenta un proxecto para corrixir o minifundio, que non

dá tempo a discutir. Asemade, o alcalde de Santiago, José Sánchez-Villamarín, crea o **Centro de Iniciativa para la nueva organización de Galicia**, co que pretendía organi-zar un apoio social amplo a prol da resolución dos princi-pais problemas políticos e económicos.

Por último, unha parte do federalismo quixo impoñer polas armas, en agosto de 1873, a inmediata constitución da República intransixente e social mediante a insurrección do batallón Galaicos da milicia republicana na provincia de Ourense. Pero todos estes movementos, un tanto caóticos e en parte contradictorios, foron varridos coa caída da Repúbl-ica a mans de militares alarmados con tanta democracia e tanta desorde.

3.3. Galicia na Restauración

O sistema político da **Restauración**, deseñado na Constitución de 1876, implantouse con especial **éxito en Galicia**. Os persoeiros do partido liberal (Montero Ríos, Vincenti, García Prieto, Gasset, Riestra) e os do partido conservador (Elduayen, Linares Rivas, González Besada, Ál-varez Bugallal) repartiron entre eles o control do país cun-has redes clientelares que fixeron funcionar o sistema de quenda pacífica entre as dúas forzas sen maiores proble-mas [Doc. 18].

Un dos poucos conflitos de certa entidade foi o provoca-do en 1893 pola decisión governamental de trasladar a Ca-pitanía Xeral da Coruña a León. A reacción da cidade, rapi-damente encabezada polas forzas de oposición ó sistema, levou á creación dunha Xunta de Defensa, á dimisión do Concello en pleno e a unha desobediencia civil masiva que obrigou ó Goberno, logo de ensaiar sen éxito unha política represiva, a recuar e deixar a capitanía onde estivera duran-te séculos.

Fóra do sistema ficaban todos os demais que, así e todo, mantiveron unha presenza pública a través da prensa, dos ateneos e dalgunhas manifestacións e protestas gracias ó apoio de sectores minoritarios, aínda que politicamente moi activos, dos diferentes grupos sociais.

Os republicanos, con figuras como Segundo Moreno Barcia e Ramón Pérez Costales, conseguiron unha notable implantación na Coruña e obtiveron moi bos resultados en case todas as eleccións municipais desa cidade. Os tradicio-nalistas sostiveron unha prensa católica forte e numerosa, asumiron a doutrina socialcatólica e lograron unha notable penetración no nacente movemento agrarista.

Anarquistas e socialistas animaron un movemento obrei-ro relativamente pequeno dada a estrutura social do país, pero continuo e suficientemente vivo. Por último, o move-mento agrarista, ideoloxicamente moi heteroxéneo e que se convertería no fenómeno social máis importante da Gali-cia do primeiro terzo do século XX, empezou a dar os seus primeiros pasos na procura da demolición do sistema foral, da modernización agraria e da mellora substancial das con-dicións de vida do campesiño.

14

O meu prezado gobernador e amigo: o amigo Llorente recoméndame encarecidamente que preste a Vde. o meu pobre auxilio (...). Polo de agora cócroseme dicirle que (...) Vigo decide o triunfo da elección do deputado a Cortes deste partido xudicial, cun pequeno apoio que presten os concellos da súa comprensión. Polo mesmo, parécese conveniente que no nomeamento de alcaldes deles proceda Vde. con detemento, tendo presente que o partido está subdividido pola cuestión electoral (...).

Na elección última foron comprados os votos das vilas rurais a diñeiro de Bertemati; pero Vigo fixo cuestión de amor propio e de Pobo, e nada influíu aquel metal, porque é xente doutros principios. Polo mesmo, convén que na rectificación das listas, eliminen dos pobos rurais todos os que non paguen a cota de 400 rs., o que se pode ver nos repartimentos e matrículas de subsidio impresas, que deben existir nese Goberno de provincia, porque esa clase de xente non ofrece ningunha confianza. De modo que eliminados das listas os que non deben estar nelas e dando entrada en Vigo ós que lles corresponde, non haberá dificultades no triunfo. Aquí había moitos sen incluír, un deles eu, que a impulso dos amigos o solicitei.

Carta dun elector de Vigo ó Gobernador Civil de Pontevedra (1853).
En ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X.: *La ciudad y los días*, 1986.
[Traducido do castelán]

● **Discute o conxunto de factores que favoreceron o clientelismo político en Galicia e en España.**



15


O poeta Eduardo Pondal (1835-1917), autor da letra do Himno Galego.

16

Concidadáns: (...) Dúas causas de fonda perturbación existían en España; unha referente ás institucións políticas, o falseamento das cales interesaba a todos os partidos liberais; outra exclusivamente moral e que por penetrar nas entrañas da sociedade, tiña que afectar ós homes honrados sen distinción de matices. En vez da liberdade a costa de tantos sacrificios conquistada, oprímíanos o máis brutal e irritante despotismo; en vez do decoro, da honradez e da xustiza, que son ineludibles a todo poder que se respecta, viamos triunfantes por calquera lugar a prevaricación, a mala fe e maillo cinismo. Para destruír de raíz estes dous males gravísimos (...) ergueuse a nación en masa (...) debemos preparar o terreo en que se alzará un día o edificio da nosa rexeneración, cabéndonos a gloria, se sabemos corresponder ó noso mandato, de concorrer coa nosa patriótica cooperación á obra común, que inicia dende este momento unha nova face na vida da Nación Española. (...)


Manifiesto da Xunta Revolucionaria de Lugo (1 de Outubro de 1868).
En MORENO, X.M.: *El federalismo gallego en el sexenio*, 1978.
[Traducido do castelán]

● **Analiza as ideas políticas básicas dos demócratas de 1868.**



18

Eugenio Montero Ríos (1832-1914), unha das grandes figuras galegas da Restauración. Deputado demócrata nas Cortes Constituíntes de 1868 acabou no partido liberal. Foi tres veces ministro con Sagasta, presidente do Tribunal Supremo, presidente do Senado e xefe do goberno en 1905. Pintura de Salvador Martínez Cubells (1845-1914). Palacio do Senado, Madrid.



17

Gravado da época: a insurrección republicana de Ferrol en 1872.

4 Galeguismo político e rexurdimento literario

Pero a Galicia do século XIX amósanos, nos planos cultural, ideolóxico e político, un movemento que a diferencia do resto de España: o **galeguismo**.

4.1. O provincialismo

A primeira manifestación do galeguismo é o **provincialismo**, que nace nos anos 1840-1846, no seo do Partido Progresista. Debe o seu nome á defensa da recuperación da unidade institucional de Galicia, fragmentada nas catro provincias, así como á reivindicación de certos niveis de autogoberno para esa provincia, que se xustifican pola súa personalidade histórica e etnolingüística.

O primeiro grupo provincialista, moi concentrado en Santiago, estaba formado por estudantes da universidade e médicos, avogados, profesores e algún militar. O seu centro de reunión era a Academia Literaria de Santiago, onde se debatía sobre cuestións de historia, dereito, economía e literatura, cunha mentalidade progresista. Tamén editaban periódicos como *El Recreo Compostelano* (1842-1843), dirixido por Antonio Neira de Mosquera e Antolín Faraldo, ou *El Porvenir* (1845), redactado por este último e Xosé Rúa Figueroa **[Doc. 19]**.


Este grupo introduce no pensamento galego o **historicismo**, isto é, a convición do carácter singular de cada pobo, que se manifesta nunha traxectoria histórica propia e ás veces tamén, como no caso de Galicia, nun conxunto de caracteres étnicos irrepitibles. Todo isto implicaba que Galicia era un organismo colectivo que, por existir obxectivamente, tiña uns dereitos culturais, económicos e políticos

que cumpría atender, descentralizando parcialmente o poder político.

A derrota do pronunciamento de Solís e a súa persecución posterior supón a desbandada transitoria do grupo, que ten que acocharse ou fuxir de Galicia. Pero quedan os suficientes para facer de ponte coa xeración seguinte, a de Manuel Murguía, Rosalía de Castro e tantos outros. Estes mozos recollen a herdanza ideolóxica dos precursores, converten ós fusilados de Carral nos seus primeiros mártires, **reanudan** o desenvolvemento do **discurso galeguista** e promoven o **rexurdimento literario do galego**. Pola contra, apenas actúan en política, de xeito que, ata a aparición do rexionalismo, o provincialismo redúcese a unha corrente de opinión no seo da prensa e da intelectualidade galega.


Son moitos os xornais e revistas dirixidos por provincialistas ou nos que estes teñen unha notable presenza. Entre os máis importantes estaban *El Clamor de Galicia* (1854-56), de Bieito Vicetto na Coruña; *La Oliva* (1856-57), de Xoán Compañel, Alexandre Chao e Manuel Murguía en Vigo; *Galicia. Revista Universal de este Reino* (1860-66), de Antonio e Francisco de la Iglesia na Coruña; *O Tío Marcos d'a Portela* (1876-88), de Valentín Lamas Carvajal en Ourense; e *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1878-1882), de Alexandre Chao e Manuel Murguía en Madrid **[Doc. 20]**.

Case todos estes xornais apoian, ademais, as posturas políticas máis avanzadas durante o reinado sabelino. A axitada loita política do sexenio 1868-1874 eclipsa de momento a voz provincialista que, así e todo, se recupera na primeira década da Restauración.



19

Antolín Faraldo (1822-1853), líder provincialista. Os seus artigos en El Recreo Compostelano son a primeira pedra do discurso galeguista.



20

Manuel Murguía (1833-1923) foi o mellor historiador galego do século XIX e principal ideólogo do rexionalismo. Dirixiu, entre outros periódicos, La Ilustración Gallega y Asturiana, que acadou unha gran difusión.



4.2. Rexurdimento literario e historiográfico

As ideas románticas e a arela de dignificar o propiamente galego fronte ó menosprezo con que era tratado fóra de Galicia están detrás da vontade provincialista de lle devolver ó idioma do pobo o seu perdido rango de lingua culta e literaria. Os poetas precusores deste rexurdimento (Camino, Añón, Pintos) pertencen á primeira xeración de provincialistas, pero serán os da segunda (Rosalía, Pondal) e os da terceira (Curros, Lamas) os que lle darán o pulo definitivo.

En 1853 Xoán Manuel Pintos publica *A gaita gallega*, primeiro libro nun galego aínda moi trufado de castelán. En 1861, celébranse na Coruña os primeiros e bilingües **Xogos Frorais**. As composicións presentadas publícanse en 1862 no *Álbum de la Caridad*. En 1863 chega o gran fito deste renacer coa publicación dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro.

Xa na Restauración, no que atinxe á poesía, o galego literario ficará definitivamente consolidado coa produción madura dos seus tres grandes piares: Rosalía (*Follas Novas*, 1880), Eduardo Pondal (*Queixumes dos pinos*, 1886) e Manuel Curros Enríquez (*Aires da Miña Terra*, 1880; *O Divino Sainete*, 1888), ós que cómpre sumar moitos autores menores. En cambio, a consolidación da prosa, literaria ou non, terá que agardar ó primeiro terzo do século XX.

O segundo aspecto fundamental deste proceso é unha reconstrución da historia de Galicia que senta as bases do discurso rexionalista e nacionalista posterior. As ideas da orixe celto-aria dos galegos, e dun pasado de inpedencia, son reelaboradas por Murguía en 1865, na introdución á súa *Historia de Galicia*, onde deixa case completo o concepto de Galicia-nación: a raza celta, asentada na terra galega, desenvolveu unha alma ou carácter nacional, logo perfec-

cionado pola incorporación do cristianismo. Isto, sumado á lingua propia, fan do galego un pobo nacionalmente diferente de calquera outro.

4.3. O rexionalismo

Entre 1885 e 1890 o provincialismo galego transfórmase en **rexionalismo**. En primeiro lugar, o galeguismo deixa de estar politicamente subordinado a opcións de ámbito español para adquirir un perfil programático e organizativo propio, que o leva a actuar como tal rexionalismo tamén no eido político. En segundo lugar, os fracasos do carlismo e do republicanismo federal no Sexenio estimulan en sectores minoritarios desas tendencias un achegamento ó galeguismo, co que este pasa a ter no seu seo tres correntes: a liberal, herdeira do provincialismo, que segue encabezada por **Manuel Murguía**; a tradicionalista, dirixida por **Alfredo Brañas**; e a federalista, a menor de todas, da que o representante maior é **Aureliano J. Pereira**.

O programa común do rexionalismo, formulado por Murguía e Brañas, reclamaba a autonomía política de Galicia, a erradicación do caciquismo, a co-oficialidade do galego e a regaleguización do funcionariado e da cultura do país, así como políticas superadoras do atraso económico e da emigración [Doc. 21] e [Doc. 22]. Ó servizo dese programa, os rexionalistas fundaron as primeiras organizacións do galeguismo, que tiveron pouca incidencia e curta vida por mor tanto das disensións internas como da escasa receptividade social ás súas propostas: a Asociación Rexionalista Gallega (1890-1893) e a Liga Gallega de Coruña (1897-1906).

Á parte da organización dos Xogos Frorais de Tui en 1891, do seu efémero protagonismo na Xunta de Defensa de 1893 e da creación da Academia Galega en 1906, o balance da acción destes grupos foi cativo dabondo.

21 Se os celtas non foron os primitivos poboadores de Galicia, foron si dos primeiros, e o que é máis interesante para nosoutros, os pais e xeradores dunha poboación que leva aínda impreso no rostro os sinais inequívocos da raza á que pertence (...). Sen que os xeógrafos e historiadores antigos nos tivesen sinalado a existencia nas nosas bisbarras daquel pobo, o aspecto da maior parte dos seus habitantes, os monumentos, o dialecto, os costumes, as inclinacións, as manifestacións todas do seu espírito, probaríannos a orixe céltica da súa actual poboación. Efectivamente é imposible deixar de atopar a cada paso as grandes semellanzas entre o noso pobo e os da súa mesma raza. A cada momento un costume, un trazo, unha superstición dos irlandeses ou bretóns tráennos á memoria e sen ningún esforzo, as que nós temos visto e sentido.

MURGUÍA, M.: *Historia de Galicia*, 1865.
[Traducido do castelán]

● ¿Por que foi tan importante o celtismo para o pensamento galeguista?

O Catecismo d'o Labrego (1889), de Valentín Lamas Carvajal, é unha boa mostra das denuncias rexionalistas contra os responsables das precarias condicións de vida dos campesiños.



1 A decadencia da industria téxtil rural

Había outra (industria) que interesaba en gran maneira ó benestar do labrego e ós progresos da agricultura, en toda a provincia, e con especialidade nos distritos de Viveiro, Ribadeo, Mondoñedo, Sarria e Chantada fábrícanse lenzos comúns, e algúns de calidade superior, co liño que produce o país, ou introducíase das provincias de Castela ou do estranxeiro. Cada familia adoitaba comprar algunhas arrobas, e reunidas as mulleres nas longas veladas do inverno, ocupábanse de fiar na roca e ás veces cunha perfección admirable. A este traballo sucedíase o branqueo por un procedemento moi sinxelo, e por último pasaban as madeixas ó tear, que frecuentemente manexaba unha persoa da mesma familia. Deste xeito, mentres o rigor da estación obrigaba ós varóns a suspender os traballos da terra, dedicábanse as femias á roca e ó tear, contribuíndo en gran parte á prosperidade da casa coas ganancias dos lenzos que lles vendían ós negociantes deste xénero. (...)

No presente desapareceu esta industria: as teas non teñen saída porque faltan pedidos, e as nosas labregas crúzanse de brazos nas noites de inverno, limitándose a fiar aquilo moi preciso e indispensable para o consumo da familia (...). A falta de dereitos protectores e a introdución de fiazas estranxeiras acaba-

ron con esta industria, que espaxéa o benestar dos campos, e fomentaba a agricultura. Cando son tantos os miramentos para a industria algodoeira; cando se toman precaucións meticulosas para impedir que sexa prexudicada pola competencia de xéneros estranxeiros, ¿non é xusto que se dispense unha parte desa protección esaxerada a este pobo tan pacífico e leal, tan laborioso e exacto no pagamento das contribucións de toda especie? Ben o merece, en verdade, porque non escaseou sacrificio ningún nos días de perigo, nunca o seu diñeiro se fixo esperar nas arcas do tesouro, e a súa valente xuventude foi sempre a que marchou en primeira fila a verter o seu sangue e atopar a morte nos campos de batalla.

CASTRO BOLAÑO, J.: *Memoria sobre la agricultura de la provincia de Lugo, 1850.*
[Traducido do castelán]

- ¿A que industria algodoeira se refire o texto?
- Enumera os factores que contribuíron á atrofia da industria téxtil galega.
- Avalía as consecuencias desa atrofia para a evolución económica do país.

2 A emigración

Cada vez que unha parte considerable da xuventude galega abandona os fogares patrios, para ir buscar en remotos climas as condicións de traballo e de vida que este infortunado país lle nega, un berro de dor escápase de todos os labios e unha angustia indescribible apodérase de todos os corazóns amantes de Galicia, que ven nestas continuas emigracións o resultado, xa

que non a causa, das desgrazas sen conto e os inmensos infortunios que pesan sobre a patria. Sempre que isto sucede (...) un clamor xeral se eleva de todos os ángulos do territorio, condenando a emigración que priva ó país da flor e nata da súa xuventude e que mina fondamente a súa riqueza, convertendo nunha rexión pobre e abatida á que polas súas envexables



A miseria e o atraso obrigaron a moitos galegos a buscaren fortuna noutros lugares.

condicións debería figurar entre as máis ricas e florecentes provincias españolas. E con todo por dolorosa que sexa a emigración (...) forza é confesar que o mesmo que tan profundamente nos afecta, é un ben para Galicia, dadas as súas condicións actuais e o lamentable estado ó que se encontra reducida. Mentres estas condicións non varíen, mentres as provincias galegas non saian da parálise á que parecen condenadas, a emigración é un mal necesario que nos evita outros enfrontamentos maiores.

Oposto un dique incontestable á saída dos nosos *highlanders*, encerrada a poboación no círculo de ferro das trabas e das restricións, a sorte do proletario galego sería incomparablemente máis amarga do que é na actualidade o seu afastamento da patria; porque (...) unha gran parte da poboación galega se vería privada por completo dos indispensables medios de subsistencia, converténdose nun elemento de perturbación nos campos e nas cidades. Todos estes obreiros sen xornal, eses pais

angustiados (...) devorarían uns ós outros por medio da competencia desesperada ata que, perdida por completo a esperanza de atopar traballo a ningún prezo, acabarían por comprometer seriamente a orde e a tranquilidade pública, como os obreiros de Lión e os ludistas de Manchester.

SARALEGUI, L.: "La emigración".
En *El pensamiento de Galicia*, 1866.
[Traducido do castelán]

- Relaciona o fenómeno da emigración galega da segunda metade do século XIX cos feitos económicos e sociais que coides relevantes.
- Valora a opinión ambivalente de Saralegui sobre as consecuencias da emigración.
- ¿A que posibles "perturbacións" alude o autor? ¿Que pasou en Lión e en Manchester?

3 As ideas rexionalistas

É un feito, pois, que pola orixe, polo territorio e pola linguaxe, de igual maneira ca pola súa historia e a comunidade de sentimentos e desexos, estes pobos do noroeste forman unha nación con caracteres propios, distinta de gran parte das que constitúen o Estado español. É un feito tamén que vive hoxe non a disgusto, pero tampouco de tan boa vontade como se supón, baixo o imperio de xentes e de cousas que lle son contrarias. Vendo como agora todo se lle presenta como adverso, trata con empeño de conservar canto lle é privativo, e erguendo o espírito público, recobrar, cando menos, a súa autonomía administrativa. Non quere que o poder central, que a descoñece, a governe de todo e como a colonia, antes como a pobo importante sobre o cal pesan tan especialmente as cargas necesarias para o sostén do Estado. Non se avén a cada lei que se promulga co fin de protexer os intereses xerais, veña a ferir os seus. Parécelle mal que as súas principais poboacións vivan vida anormal, grazas ó absentismo que as maltrata, absentismo das intelixencias e da riqueza, mellor dito, das clases ricas. Non quere que os alleos nos veñan a gobernar. Desexa que a súa lingua sexa tan oficial como a do Estado: Que os que te-



Persoeiros rexionalistas en 1904. Manuel Murguía é o segundo sentado pola esquerda. Á súa dereita, tamén sentado, Manuel Curros Enríquez.

ñan que administrar xustiza e dirixir a conciencia do home no noso país, sexan escollidos de entre os seus fillos. Que nas reformas necesarias ó seu benestar, se lle oia por enteiro e tendo en conta os ecos todos da opinión xeral. Que os nosos homes públicos non nolos manden da corte, feitos e consagrados, como quen remite unha mercadoría á que o Estado todopoderoso lle puxo o seu selo inmaculado; nunha palabra, quere a descentralización máis completa, baixo todos os aspectos e en todas as ordes, na moral, na intelectual, na política e na dos bens materiais.

¿Hai nisto algunha falta de patriotismo?

MURGUÍA, M.: *El regionalismo gallego*, 1889.
[Traducido do castelán]

- Analiza este texto identificando e relacionando as súas ideas básicas.
- Relaciona as súas reivindicacións co sistema político da Restauración.
- Explica os cambios necesarios nese sistema para atender as demandas rexionalistas.